

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

11727 *Real decreto 920/2010, do 16 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de control dos nematodos do quiste da pataca.*

Desde a adopción da Directiva 69/465/CEE do Consello, do 8 de decembro de 1969, relativa á loita contra o nematodo dourado, incorporada ao ordenamento interno pola Orde do 28 de febreiro de 1986, relativa á prevención e loita contra o nematodo do quiste da pataca, en aplicación da Directiva 69/465/CEE do Consello das Comunidades Europeas, avanzouse considerablemente no que respecta á nomenclatura, á bioloxía e á epidemioloxía das especies e poboacións de nematodos do quiste da pataca e ao seu patrón de distribución.

Os nematodos do quiste da pataca [*Globodera pallida* (Stone) Behrens (poboacións europeas) e *Globodera rostochiensis* (Wollenweber) Behrens (poboacións europeas)] están recoñecidos como organismos nocivos para as patacas.

As disposicións da Directiva 69/465/CEE do Consello, do 8 de decembro de 1969, volvéronse a someter a exame e consideráronse insuficientes. Foi necesario, por tanto, adoptar disposicións máis completas.

Estas tiveron en conta a necesidade de exames oficiais que garantan a ausencia de nematodos do quiste da pataca en parcelas en que se planten ou se almacenen patacas de semente destinadas á produción de patacas de semente e determinados vexetais destinados á produción de vexetais para a plantación.

Dispúxose a realización de estudos oficiais nas parcelas utilizadas para a produción de patacas que non sexan as utilizadas para a produción de patacas de semente, co obxecto de determinar a distribución dos nematodos do quiste de pataca, e establecéronse procedementos de mostraxe e ensaio para a realización dos exames e estudos oficiais mencionados.

Tendo en conta os medios de propagación do patóxeno, o control dos nematodos do quiste da pataca obtense mediante a rotación dos cultivos, xa que a ausencia de cultivos de patacas durante varios anos reduce a poboación de nematodos considerablemente, complementada coa utilización de variedades de pataca resistentes.

En consecuencia, mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento interno a Directiva 2007/33/CE do Consello, do 11 de xuño de 2007, relativa ao control dos nematodos do quiste da pataca e pola que se derroga a Directiva 69/465/CEE, que constitúe normativa básica, tendo en conta que pola súa natureza resulta complemento necesario para garantir a consecución da finalidade obxectiva a que responde a competencia estatal sobre as bases.

Este real decreto dítase de acordo coa habilitación prevista na disposición derradeira segunda da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o programa nacional de control de *Globodera pallida* (Stone) Behrens (poboacións europeas) e *Globodera rostochiensis* (Wollenweber) Behrens (poboacións europeas), que no sucesivo denominaremos «nematodos do quiste da pataca», co fin de determinar a súa distribución, evitar a súa propagación e mantelos baixo control, de acordo coas disposicións do artigo 15.2 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, e do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional.

2. En virtude do artigo 15.1 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, decláranse de utilidade pública as medidas incluídas no programa nacional de control dos nematodos do quiste da pataca.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O programa que se aproba e as medidas del dimanantes serán de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 3. *Definicións.*

1. Para efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións previstas no artigo 2 da Lei 43/2002, do 20 de novembro.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Parcela: porción continua de terreo pertencente a unha mesma parcela ou recinto, segundo se definen no artigo 4 do Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica das parcelas agrícolas, que reúne as seguintes características:

1.º Que se destine á plantación ou almacenamento de especies agrícolas do anexo I, patacas de semente ou patacas que non sexan destinadas á produción de patacas de semente.

2.º Que sexan obxecto de cultivo ou almacenamento seguindo uns mesmos métodos e técnicas.

3.º Que estea definida espacialmente por un esquema con cotas da superficie en que se vai sementar ou almacenar. Non será necesario este requisito cando a superficie da parcela coincida coa de parcela ou recinto definidos no artigo 4 do Real decreto 2128/2004.

b) Oficial ou oficialmente: establecido, autorizado ou executado polos organismos oficiais responsables dun Estado membro, tal como se definen no artigo 2-1.g) do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

c) Variedade de pataca resistente: variedade que ao ser cultivada inhibe notablemente o desenvolvemento dunha poboación determinada de nematodos do quiste da pataca.

d) Exame: procedemento metódico cuxo obxecto é determinar a presenza de nematodos do quiste da pataca nunha parcela.

e) Estudo: procedemento metódico efectuado durante un período de tempo definido cuxo obxecto é determinar a distribución de nematodos do quiste da pataca no territorio dunha comunidade autónoma.

CAPÍTULO II

Detección

Artigo 4. *Exames oficiais.*

1. As comunidades autónomas prescribirán a realización dun exame oficial que teña por obxecto a detección de nematodos do quiste da pataca nas parcelas en que se vaian plantar ou almacenar vexetais enumerados no anexo I, destinados á produción de vexetais para a plantación, ou patacas de semente destinadas á produción de patacas de semente.

2. O exame oficial previsto no número 1 levarase a cabo durante o período comprendido entre a recolección da última colleita nas parcelas e a plantación das plantas ou das patacas de semente mencionadas no número 1. Poderase levar a cabo anteriormente, e neste caso estarán dispoñibles probas documentais dos resultados dese exame que confirmen que non se detectaron nematodos do quiste da pataca e que no momento do exame non estaban presentes patacas nin outras plantas hospedeiras enumeradas no anexo I, punto 1, nin se cultivaron desde entón.

3. Os resultados dos exames oficiais distintos dos referidos no número 1 realizados antes do 1 de xullo de 2010 poderanse considerar probas para efectos do disposto no número 2.

4. No caso de que os organismos oficiais responsables das comunidades autónomas establecesen que non existe risco de propagación dos nematodos do quiste da pataca, o exame oficial a que se fai referencia no número 1 non se exixirá para:

a) Plantar os vexetais enumerados no anexo I, destinados á produción de vexetais para a plantación para o seu uso no mesmo lugar de produción situado nunha zona definida oficialmente.

b) Plantar os vexetais enumerados no anexo I, punto 2, destinados á produción de vexetais para plantar cando os vexetais colleitados se deban someter ás medidas autorizadas oficialmente a que se refire a sección III. A do anexo III.

5. As comunidades autónomas velarán por que os resultados dos exames mencionados nos números 1 e 3 queden rexistrados oficialmente, e poidan acceder a eles o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Comisión Europea.

Artigo 5. *Modalidades dos exames oficiais.*

1. No caso das parcelas en que se deban plantar ou almacenar as patacas de semente ou os vexetais enumerados no anexo I, punto 1, destinados á produción de vexetais para a plantación, o exame oficial mencionado no artigo 4, número 1, incluírá mostraxes e ensaios para detectar a presenza dos nematodos do quiste da pataca conforme o disposto no anexo II.

2. No caso das parcelas en que os vexetais enumerados no anexo I, punto 2, destinados á produción de vexetais para a plantación se deban plantar ou almacenar, o exame oficial mencionado no artigo 4, número 1, incluírá mostraxes e ensaios para detectar a presenza de nematodos do quiste da pataca conforme o disposto no anexo II ou unha verificación conforme o disposto no anexo III, sección I.

Artigo 6. *Estudos oficiais.*

1. As comunidades autónomas disporán a realización de estudos oficiais a fin de determinar a distribución de nematodos do quiste da pataca en parcelas utilizadas para a produción de patacas que non sexan as destinadas á produción de patacas de semente.

2. Os estudos oficiais incluírán mostraxes e ensaios para detectar a presenza de nematodos conforme o disposto no anexo II, punto 2, e efectuaranse conforme o anexo III, sección II.

3. Os resultados dos estudos oficiais notificaranse por escrito ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e este, pola súa vez, notificaralos, a través da vía correspondente, á Comisión Europea, de conformidade co anexo III, sección II.

Artigo 7. *Rexistro oficial de parcelas non afectadas.*

Se no exame oficial mencionado no artigo 4, número 1, e nos demais exames oficiais mencionados no artigo 4, número 3, non se detectan nematodos do quiste da pataca, os organismos oficiais responsables das comunidades autónomas velarán por que esa información quede rexistrada oficialmente.

Artigo 8. *Confirmación oficial e accións inmediatas*

1. Cando se detectasen nunha parcela nematodos do quiste da pataca durante o exame oficial mencionado no artigo 4, número 1, os organismos oficiais responsables das comunidades autónomas velarán por que esa información quede rexistrada oficialmente.

2. Cando se detectasen nunha parcela nematodos do quiste da pataca durante o estudo oficial mencionado no artigo 6, número 1, os organismos oficiais responsables das comunidades autónomas velarán por que esa información quede rexistrada oficialmente.

3. As patacas ou os vexetais enumerados no anexo I que procedan dunha parcela rexistrada oficialmente con nematodos do quiste da pataca conforme o disposto no número 1 ou no número 2 do presente artigo, ou que estivesen en contacto cun solo en que se detectasen nematodos do quiste da pataca, declararanse oficialmente contaminados.

CAPÍTULO III

Medidas de control

Artigo 9. *Medidas preventivas.*

1. Nas parcelas que se rexistrasen oficialmente como infestadas conforme o disposto no artigo 8, no número 1 ou no número 2, as comunidades autónomas prescribirán que:

- a) Non se plantarán patacas destinadas á produción de patacas de semente.
- b) Non se plantarán nin se almacenarán os vexetais enumerados no anexo I que se destinen á replantación; non obstante, os vexetais enumerados no anexo I, punto 2, poderanse plantar nesas parcelas sempre que estean suxeitos ás medidas autorizadas oficialmente a que se fai referencia no anexo III, sección III. A, de tal maneira que non se poida determinar risco ningún de propagación dos nematodos do quiste da pataca.

2. No caso das parcelas que se vaian utilizar para plantar patacas distintas das destinadas á produción de patacas de semente, oficialmente rexistradas como infestadas conforme o disposto no artigo 8, no número 1 ou no número 2, os organismos oficiais responsables das comunidades autónomas prescribirán a obriga de someter esas parcelas a un programa de control oficial que teña por obxecto, como mínimo, a supresión dos nematodos do quiste da pataca.

O programa a que se refire o número 2 do presente artigo terá en conta as particularidades do sistema de produción e comercialización das plantas hospedeiras de nematodos do quiste da pataca na comunidade autónoma pertinente e as características da poboación

de nematodos do quiste da pataca presente, o uso de variedades de pataca resistentes que ofrezan os niveis de resistencia máis elevados de que se dispoña, tal como se especifica no anexo IV, sección I, a superficie afectada, os tratamentos nematicidas, a solarización, os cultivos con plantas trapela, o control biolóxico e/ou as variedades resistentes, e, se for o caso, outras medidas.

Este programa notificarase por escrito ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e este, pola súa vez, notificará, pola vía correspondente, á Comisión Europea e aos demais Estados membros para asegurar niveis comparables de garantía entre os Estados membros.

O grao de resistencia das variedades de pataca distintas das xa notificadas conforme o artigo 10, número 1, da Directiva 69/465/CEE cuantificarase de acordo co baremo de puntuación estándar que figura no cadro do anexo IV, sección I deste real decreto. Os ensaios de resistencia efectuaranse de conformidade co protocolo previsto no anexo IV, sección II deste real decreto.

Artigo 10. *Restricións para o material contaminado.*

Polo que respecta ás patacas ou aos vexetais enumerados no anexo I que fosen declarados contaminados conforme o artigo 8, número 3, as comunidades autónomas prescribirán o seguinte:

- a) As patacas de semente e as plantas hospedeiras enumeradas no anexo I, punto 1, non se plantarán.
- b) As patacas destinadas á transformación industrial ou á calibración estarán suxeitas a medidas autorizadas oficialmente de conformidade co disposto no anexo III, sección III. B.
- c) Os vexetais enumerados no anexo I, punto 2, non se plantarán a menos que se sometesen ás medidas autorizadas oficialmente a que se fai referencia no anexo III, sección III.A, de tal maneira que deixen de estar contaminados.

Artigo 11. *Variedades resistentes.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 16.1 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, os agricultores, produtores de pataca de semente e demais operadores do sector teñen a obriga de notificar aos organismos oficiais responsables das comunidades autónomas toda sospeita de presenza ou presenza confirmada de nematodos do quiste da pataca no seu territorio, como consecuencia dunha degradación ou variación da eficacia dunha variedade de pataca resistente que estea relacionada cunha modificación excepcional da composición dunha especie de nematodos, un patotipo ou un grupo de virulencia.

2. Con respecto a todos os casos notificados conforme o número 1, as comunidades autónomas disporán que a especie de nematodos do quiste da pataca e, cando proceda, o patotipo ou grupo de virulencia en cuestión sexan investigados e confirmados mediante os métodos adecuados.

3. Os datos das confirmacións mencionadas no número 2 enviaranse por escrito cada ano, o 15 de decembro o máis tardar, ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e este, pola súa vez, notificará, o 31 de decembro o máis tardar, pola vía correspondente, á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

Artigo 12. *Relación de variedades resistentes.*

As comunidades autónomas notificarán por escrito, antes do 16 de xaneiro de cada ano, ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e este, pola súa vez, notificará, a través da vía correspondente, á Comisión Europea e aos demais Estados membros cada ano, o 31 de xaneiro o máis tardar, unha lista de todas as novas variedades de patacas con respecto ás cales constataren mediante unha verificación oficial a súa resistencia aos nematodos do quiste da pataca. Declararán a especie, os patotipos, os grupos de virulencia ou as poboacións a que sexan resistentes as variedades, o grao de resistencia e o ano da súa determinación.

Artigo 13. *Levantamento de restricións.*

No caso de que, unha vez tomadas as medidas autorizadas oficialmente a que se fai referencia no anexo III, sección III.C, non se confirme a presenza de nematodos do quiste da pataca, os organismos oficiais responsables das comunidades autónomas velarán por que o rexistro oficial mencionado no artigo 4.5 e no artigo 8, números 1 e 2, se actualice e se revogue toda restrición imposta sobre a parcela en cuestión.

Artigo 14. *Excepcións con fins científicos e de selección de variedades.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos 3 e 5 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, as comunidades autónomas poderán autorizar excepcións ás medidas previstas nos artigos 9 e 10 deste real decreto, de conformidade coas normas establecidas no Real decreto 401/1996, do 1 de marzo, polo que se establecen as condicións para a introdución no territorio nacional de determinados organismos nocivos, vexetais, produtos vexetais e outros obxectos con fins de ensaio, científicos e para a actividade de selección de variedades.

2. Sen prexuízo do disposto neste real decreto, exceptúanse as tradicionalmente coñecidas como papas antigas de Canarias, que se definen como tubérculos procedentes de variedades cultivadas de *Solanum tuberosum* Subs. andigena, *Solanum tuberosum* e *Solanum x Chaucha Juz. et Buk.*, destinadas a pataca de semente non incluídas no Rexistro de Variedades Comerciais da Oficina Española de Variedades Vexetais do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e cuxo único destino sexa o cultivo nas Illas Canarias

CAPÍTULO IV

Medidas administrativas

Artigo 15. *Coordinación.*

1. A coordinación xeral do programa nacional de control establecido neste real decreto levarase a cabo a través do Comité Fitosanitario Nacional, creado polo Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño.

2. Co fin de favorecer a coordinación técnica do programa, así como para avaliar as novidades científicas e técnicas que poidan ser incluídas nel, o citado Comité poderá crear un grupo de traballo de expertos para a avaliación anual dos resultados obtidos e elaboración de propostas para a súa mellora.

Artigo 16. *Medidas adicionais.*

1. As comunidades autónomas poderán adoptar, con respecto á súa propia produción, aquelas medidas complementarias ou máis rigorosas que se poidan requirir para manter os nematodos do quiste da pataca baixo control ou evitar a súa propagación, sempre que se axusten ao disposto no Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

2. Os detalles de tales medidas notificaranse ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e este, pola súa vez, notificaralos, pola vía correspondente, á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

Artigo 17. *Colaboración financeira.*

O Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, dentro dos límites establecidos polos créditos dispoñibles para estes fins, e sobre a base da información proporcionada polas comunidades autónomas, colaborará con estas no financiamento de até o 50 por cento dos gastos correspondentes ás medidas obrigatorias de control establecidas en aplicación deste real decreto.

Artigo 18. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 43/2002, do 20 de novembro, sen prexuízo das responsabilidades civís ou doutra orde a que houber lugar.

Disposición derogatoria. *Derogación normativa*

Queda derogada a Orde do 28 de febreiro de 1986, relativa á prevención e loita contra o nematodo do quiste da pataca, en aplicación da Directiva 69/465/CEE do Consello das Comunidades Europeas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao noso ordenamento a Directiva 2007/33/CE do Consello do 11 de xuño de 2007, relativa ao control dos nematodos do quiste da pataca e pola que se derroga a Directiva 69/465/CEE.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño para modificar os anexos para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Relación de vexetais obxecto de exames e medidas oficiais

Lista dos vexetais mencionados no artigo 4, números 1, 2 e 4, o artigo 5, números 1 e 2, o artigo 8, número 3, o artigo 9.1.b) e o artigo 10.

1. Plantas hospedeiras con raíces:

Capsicum spp.
Lycopersicon lycopersicum (L.) Karst. ex Farw.
Solanum melongena L.

2. a) Outros vexetais con raíces:

Allium porrum L.
Beta vulgaris L.
Brassica spp.
Fragaria L.
Asparagus officinalis L.

b) Bulbos, tubérculos e rizomas non suxeitos ás medidas autorizadas oficialmente a que se refire a sección III. A do anexo III, cultivados en solo e destinados á plantación, excepto aqueles exemplares cuxo envase ou outros elementos demostren que se destinan á venda a consumidores finais non dedicados á produción profesional de vexetais ou flores cortadas, de:

Allium ascalonicum L.
Allium cepa L.
Dahlia spp.
Gladiolus Toven ex L.
Hiacinthus spp.
Iris spp.
Lilium spp.
Narcissus L.
Tulipa L.

ANEXO II

Mostraxes e ensaios para os exames oficiais

1. Polo que respecta ás mostraxes e ensaios para o exame oficial mencionados no artigo 5, números 1 e 2:

a) a mostraxe realizarase cunha mostra de solo dunha porcentaxe estándar de 1.500 ml de solo/ha como mínimo, recollida a partir de 100 catas/ha polo menos, preferiblemente nunha malla rectangular de 5 metros de largo como mínimo e 20 metros de longo como máximo entre puntos de mostraxe que cubran a totalidade da parcela; para a realización de exames complementarios, a saber, extracción de quistes, identificación de especies e, se procede, determinación do patotipo/grupo de virulencia, utilizarase a totalidade da mostra;

b) na mostraxe aplicaranse os métodos para a extracción dos nematodos do quiste da pataca descritos nos correspondentes procedementos fitosanitarios ou protocolos de diagnósticos para a *Globodera pallida* e a *Globodera rostochiensis*: normas EPPO.

2. Polo que respecta aos procedementos de mostraxe e ensaio para o estudo oficial mencionados no artigo 6, número 2:

a) A mostraxe será:

1.º A descrita no número 1 cunha porcentaxe mínima para a mostra de solo de polo menos 400 ml/ha, ou

2.º unha mostraxe selectiva de polo menos 400 ml de solo despois do exame visual de raíces que presenten síntomas visibles, ou

3.º unha mostraxe de polo menos 400 ml de solo que estivese en contacto coas patacas, despois da colleita, sempre que se poida determinar a parcela en que se cultivaron as patacas.

b) Os procedementos de ensaio serán os determinados no número 1.

3. Non obstante, o índice estándar da mostra mencionado no número 1 poderase reducir a 400 ml de solo/ha como mínimo, sempre que:

a) Existan probas documentais de que non se cultivaron patacas ou outras plantas hospedeiras enumeradas no anexo I, punto 1, nin se constatou a súa presenza na parcela durante os seis anos anteriores ao exame oficial, ou

b) Non se detectasen nematodos do quiste da pataca durante os dous últimos exames oficiais sucesivos en mostras de 1.500 ml de solo/ha e non se cultivasen patacas ou outras plantas hospedeiras enumeradas no anexo I, punto 1, distintas das que requiran unha investigación oficial conforme o artigo 4.1, nin se cultivasen despois do primeiro dos exames oficiais, ou

c) Non se detectasen nematodos do quiste da pataca ou quistes de nematodos do quiste da pataca sen contido vivo no último exame oficial, no cal se debeu ter en conta unha mostra dun tamaño mínimo de 1.500 ml de solo/ha, e non se cultivasen patacas ou outros vexetais enumerados no anexo I, punto 1, distintas das que requiran unha investigación oficial conforme o artigo 4.1, nin se cultivasen na parcela desde o último exame oficial.

Os resultados doutros exames oficiais efectuados antes do 1 de xullo de 2010 poderanse considerar exames oficiais para efectos do disposto nas alíneas b) e c) do número 3 do anexo II.

4. Non obstante, a porcentaxe de mostra determinada nos números 1 e 3 poderase reducir para as parcelas maiores de 8 ha e de 4 ha, respectivamente:

a) No caso da porcentaxe de mostra mencionada no número 1, as primeiras 8 ha seleccionaranse á porcentaxe especificada nel, pero poderase reducir para cada hectárea adicional até un mínimo de 400 ml de solo/ha;

b) No caso da porcentaxe reducida mencionada no número 3, as primeiras 4 ha seleccionaranse á porcentaxe especificada nel, pero poderase reducir para cada hectárea adicional até un mínimo de 200 ml de solo/ha.

5. Nos exames oficiais posteriores a que se fai referencia no artigo 4.1 poderase seguir a utilizar a mostra reducida determinada nos números 3 e 4, sempre que non se detecten nematodos do quiste da pataca na parcela en cuestión.

6. Non obstante, o tamaño estándar da mostra de solo mencionada no número 1 poderase reducir até un mínimo de 200 ml de solo/ha sempre que a parcela estea localizada nunha zona declarada libre de nematodos do quiste da pataca, e designada, mantida e vixiada conforme as correspondentes normas internacionais para as medidas fitosanitarias. Os detalles de tales zonas notificaranse oficialmente por escrito ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e este, pola súa vez, notificaraos, pola vía correspondente, á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

7. O tamaño mínimo da mostra de solo será en todos os casos de 100 ml de solo por parcela.

ANEXO III

Criterios dos exames, estudos e medidas oficiais

Sección I. *Verificación*

Para efectos do disposto no artigo 5.2, o exame oficial mencionado no artigo 4.1 establecerá que no momento da verificación se cumpre un dos seguintes criterios:

- a) A ausencia de historial de nematodos do quiste da pataca na parcela durante os últimos 12 anos, baseada nos resultados de ensaios pertinentes autorizados oficialmente, ou
- b) Un historial coñecido de cultivos en que conste que na parcela non se cultivaron patacas nin outras plantas hospedeiras enumeradas no anexo I, punto 1, nos últimos 12 anos.

Sección II. *Recoñecementos*

Os estudos oficiais mencionados no artigo 6.1 realizaranse en polo menos un 0,5 % da superficie utilizada no ano de que se trate para a produción de patacas, exceptuando a destinada á produción de patacas de semente. Os resultados dos recoñecementos serán notificados ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e este, pola súa vez, notificaralos, pola vía correspondente, á Comisión Europea antes do 1 de abril do período previo de 12 meses.

Sección III. *Medidas oficiais*

A. As medidas aprobadas oficialmente mencionadas no artigo 4.4.b), o artigo 9.1.b), o artigo 10.c), e no anexo I, punto 2.b), son:

1. Desinfestación mediante os métodos adecuados de tal maneira que non se poida determinar risco ningún de propagación dos nematodos do quiste da pataca.
2. Retirada do solo mediante lavado ou cepillado até eliminalo practicamente por completo, de tal maneira que non se poida determinar risco ningún de propagación dos nematodos do quiste da pataca.

B. As medidas autorizadas oficialmente mencionadas no artigo 10, alínea b), consisten na entrega a unha instalación de transformación ou calibración dotada de procedementos de eliminación de residuos adecuados e autorizados oficialmente, con respecto á cal se establecese a ausencia de risco de propagación de nematodos do quiste da pataca.

C. As medidas autorizadas oficialmente mencionadas no artigo 13 consisten nunha nova mostraxe oficial da parcela oficialmente rexistrada como infestada tal como se establece no artigo 8, no número 1 ou no número 2, e nun ensaio en que se aplique un dos métodos especificados no anexo II, despois dun período mínimo de seis anos a partir da confirmación positiva dos nematodos do quiste da pataca ou a partir do cultivo da última colleita de patacas. Este período poderase reducir a un mínimo de tres anos no caso de que se tomasen medidas de control autorizadas oficialmente.

ANEXO IV

Táboa de resistencia e protocolo de ensaio

Sección I. *Grao de resistencia*

O grao de susceptibilidade das patacas aos nematodos do quiste da pataca cuantificarase de acordo co baremo de puntuación estándar que se indica a seguir, ao cal se fai referencia no artigo 9.2.

A puntuación 9 indica o nivel máximo de resistencia.

Susceptibilidade relativa (%)	Puntuación
< 1	9
1,1-3	8
3,1-	7
5,1-10	6
10,1-15	5
15,1-25	4
25,1-50	3
50,1-100	2
> 100	1

Sección II. *Protocolo para o ensaio de resistencia*

1. O ensaio efectuarase nunha instalación de corentena, xa sexa no exterior, en invernadoiros ou en cámaras acondicionadas.

2. O ensaio realizarase en testos que conteñan, como mínimo, un litro de solo (ou de substrato adecuado).

3. A temperatura do solo durante o ensaio deberá ser inferior a 25 °C e deberase fornecer a rega necesaria.

4. Ao plantar a variedade de control ou a de ensaio, utilizarase un fragmento de pataca cun ollo de cada variedade de control ou de ensaio. Recoméndase tirar todos os talos excepto un.

5. A variedade de pataca «Desirée» utilizarase como variedade de control susceptible estándar en todos os ensaios. Para as comprobacións internas poderanse engadir outras variedades de control de importancia local que sexan completamente susceptibles. A variedade de control susceptible estándar poderase cambiar no caso de que o exame indique que outras variedades son máis pertinentes ou accesibles.

6. Para os patotipos Ro1, Ro5, Pa1 e Pa3 utilizaranse as seguintes poboacións estándar de nematodos do quiste da pataca:

Ro1: poboación Ecosse.

Ro5: poboación Harmerz.

Pa1: poboación Scottish.

Pa3: poboación Chavornay.

Poderanse engadir outras poboacións de nematodos do quiste da pataca de importancia local.

7. A identidade da poboación estándar utilizada verificarase mediante métodos adecuados. Nos experimentos de ensaio recoméndase utilizar polo menos dúas variedades resistentes ou dous clons estándar diferenciais con capacidade de resistencia coñecida.

8. O inóculo de nematodos do quiste da pataca (poboación inicial ou Pi) consistirá nun total de cinco ovos e xuvenís infectivos por ml de solo. Recoméndase determinar o número de nematodos do quiste da pataca que se deben inocular por ml de solo nos experimentos de eclosión. Os nematodos do quiste da pataca pódense inocular como quistes ou combinados como ovos e xuvenís nunha suspensión.

9. A viabilidade do contido do quiste de nematodos do quiste da pataca utilizado como fonte do inóculo será como mínimo do 70 %. Recoméndase que os quistes teñan entre 6 e 24 meses e se manteñan durante polo menos catro meses a 4 °C inmediatamente antes de seren utilizados.

10. Deberase dispor de polo menos catro réplicas (testos) por cada combinación de poboación de nematodos do quiste da pataca e variedade de pataca sometida a ensaio. Para a variedade de control susceptible estándar recoméndase utilizar dez réplicas como mínimo.

11. A duración dos ensaios será, como mínimo, de tres meses e deberase verificar a madurez das femias en desenvolvemento antes de interromper o experimento.

12. Os quistes de nematodos do quiste da pataca das catro réplicas extraeranse e contarase por separado para cada testeo.

13. A poboación final (Pf) existente na variedade de control susceptible estándar ao final do ensaio de resistencia determinarase contando todos os quistes de todas as réplicas e os ovos e xuvenís de, polo menos, catro réplicas.

14. Deberase lograr unha taxa de multiplicación de, polo menos, $20 \times (Pf/Pi)$ na variedade de control susceptible estándar.

15. O coeficiente de variación (CV) na variedade de control susceptible estándar non deberá superar o 35 %.

16. A susceptibilidade relativa da variedade de pataca sometida a ensaio con respecto á variedade de control susceptible estándar determinarase e expresarse como porcentaxe, de acordo coa fórmula seguinte:

$$Pf_{\text{variedade sometida a ensaio}} / Pf_{\text{variedade de control susceptible estándar}} \times 100 \%$$

17. No caso de que a variedade de pataca sometida a ensaio teña unha susceptibilidade relativa superior ao 3 %, bastará con contar os quistes. Nos casos en que a susceptibilidade relativa sexa inferior ao 3 %, haberá que contar os ovos e os xuvenís, ademais dos quistes.

18. No caso de que os resultados dos ensaios realizados no primeiro ano indiquen que unha variedade é completamente susceptible a un patotipo, non será necesario repetir os ensaios no segundo ano.

19. Os resultados dos ensaios confirmaranse mediante polo menos outra proba realizada noutro ano. A media aritmética da susceptibilidade relativa nos dous anos utilizarase para obter a puntuación, de acordo co baremo de puntuación estándar.